

Lourenço xograr

Cadro cronolóxico

ANO	Portugal	Galiza e León	Castela	Resto de Europa
1216-17	· 1217: Ocupación de Alcácer do Sal e Vila Vizosa polo rei Afonso II.		· 2017: Fernando III, rei de Castela e de Toledo.	· 1216: Honorio III, novo papa. · 1217: Inicio da V Cruzada.
1218-19		· 1218: Afonso VIII ataca Portugal e toma Chaves. Afonso II de Portugal acaba selando a paz con Afonso VIII de Galiza e León en Santiago (Tratado de Baronal).	· 1218-19: Cruzadas en Castela, con participación de tropas portuguesas. · 1219: Fernando III casa con Beatriz de Suabia.	· 1218: Maioridade de Xaime I de Aragón, controlado polo poder feudal
1221-23	· 1223: Sancho II, rei de Portugal, á morte do pai, Afonso II		· 1221: Nace o infante Afonso. · 1221: Comeza a construírse a catedral de Burgos	· 1223: Al-Ándalus: AbuM. Abdallah al-Adil, elixido califa en Murcia. · 1223: Luís VIII, rei de Francia.
1225-27	· 1226: Sancho II de Portugal, auxiliado polas ordes militares (Santiago, Calatrava), inicia a conquista do Alentexo.	· 1227: Afonso VIII toma Cáceres. · 1228: Conquista de Badaxoz.	· 1226: Rexencia de Branca de Castela. · 1226: Comeza a construción da catedral de Toledo. · 1227: Conquista de Baeza.	· 1226: Luís IX, rei de Francia. · 1227: Gregorio IX, nomeado papa. · 1227: Al-Andalus: Idris al Ma'mun, proclamado califa en Sevilla.
1228-30	· 1229: Sancho II conquista Elvas e Xuromeña. · 1229: Silvestre Godiño, nomeado arcebispo de Braga.	· 1228: conquista de Mérida. · 1230: Morre en Sarria Afonso VIII. Fernando III convértese en rei de Galiza e de León, após a renuncia das súas medio irmás portuguesas, Sancha e Dulce (Tratado das Terceiras).		· 1228: Al-Andalus: comezan en Granada as obras da Alhambra. · 1228: Federico II inicia a VI Cruzada. · 1229: Xaime I de Aragón inicia en Mallorca a conquista das illas Baleares. · 1229: Federico II recupera Xerusalén negociando co sultán Al-Kamil.
		Galiza e León Castela		
1231-33	· 1231 Acordo entre Sancho II e Fernando III. A cidade de Chaves é restituída a Portugal (Tratado do Sabugal) · 1232: Toma de Bexa.	· 1232: Fernando III apoia o bispo de Lugo, fronte a pretensión dos burgueses da cidade, que pretendían seguir mantendo a súa exención de vasalaxe. · 1233: Conquista de Úbeda.		· 1232: Muhammad ibn al-Nasr proclámase sultán da Taifa de Arxona, que dará inicio á dinastía nazarí de Granada (1232-1492).
1234-37	· 1234: O papa excomunga Sancho II (Bula <i>Si quam horribile</i>). Mestre Vicente, chanceler real, consegue reducir os efectos da excomunión. · 1234: D. Tiburcio, bispo de Coímbra. · 1234: Paio Peres Correia, coa Orde de Santiago, conquista Aljustrel. · 1234: O infante Afonso marcha do reino para buscar fortuna na Francia, frecuentando a corte de Luís IX. Será armado cabaleiro neste reino en 1239.	· 1236: Fernando III conquista Córdoba.		· 1234: Morre Sancho VII, rei de Navarra. Os nobres escollen rei a Teobaldo, tamén chamado <i>o Trobador</i> , polo seu gosto pola poesía. O reino cae na órbita política francesa. · 1234: Muhammad ibn Mahfuz proclama a Taifa de Niebla. · 1235: Xaime I toma Ibiza. · 1237: Conrado IV, rei do Sacro Imperio.

1238	<ul style="list-style-type: none"> · Casamento do infante Afonso con Matilde, condesa de Boloña. · Mértola, tomada por Paio Peres Correia. 	<ul style="list-style-type: none"> · Joam Arias, arcebispo de Santiago (1238-1266). Mandou levantar o claustro e un novo pazo arcebispal. Xunto coa burguesía compostelá, promove a construción dunha nova cabeceira para a catedral. Ideou e impulsou a construción do castelo da Rocha Forte. · Fernando III dálle a razón ao arcebispo de Santiago no conflito que mantén cos gremios polo pago de tributos e o nomeamento e atribución de xuíces. 	<ul style="list-style-type: none"> · Xaime I conquista a cidade de Valencia. · <i>Fuero General de Navarra</i>, que limita o poder do rei.
ANO	Portugal	Galiza e León Castela	Resto de Europa
1239-40	<ul style="list-style-type: none"> · 1239: O papa Gregorio IX tenta a Fernando de Serpa para reclamar o trono en caso de incapacidade do seu irmán, o rei Sancho. · 1239: Sancho II, con Paio Peres Correia, conquista Aiamonte, Cacela e Alvor. · 1240: Gualterio, arcebispo de Braga. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1239: Coa morte de Álvaro Pérez de Castro, Mencía López de Haro fica viúva. · 1239: Don Lucas faise cargo do bispado de Tui. · 1240: Joam Arias, arcebispo de Santiago, comeza a construción do Castelo da Rocha Forte. 	
1241	<ul style="list-style-type: none"> · Paio Peres Correia, coa Orde de Santiago, conquista Paderne. 		<ul style="list-style-type: none"> · Celestino IV, novo papa.
1242	<ul style="list-style-type: none"> · Paio Peres Correia, nomeado en Mérida <i>Gran-Mestre da Cavalaria de Santiago</i>. · Afonso, conde de Boloña, participa na batalla de Saintes, baixo o mando de Luís IX de Francia, contra Henrique III de Inglaterra. 		
1243-44	<ul style="list-style-type: none"> · O infante Afonso de Boloña obtén salvoconduto para pasar pola Gascaña, en mans inglesas, coa desculpa de peregrinar a Santiago. Reunións con representantes da nobreza e do clero rebelde co seu irmán Sancho. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1243: Capitulacións do Reino de Murcia perante o infante Afonso (Tratado de Alcaraz). Algunhas cidades resistense ao tratado. Mula e Lorca son tomadas en 1244. · 1243: Bernardo, compostelán canonista, defende retirarlle o título de rei a Sancho de Portugal, non só os poderes da administración. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1243: Inocencio IV, nomeado papa. · 1244: As cortes catalás e aragonesas comezan a reunirse por separado.
1245	<ul style="list-style-type: none"> · Joam Egas, nomeado arcebispo de Braga. · A comezos de ano, Afonso denuncia o casamento de Sancho con Dona Mencía. · Febreiro: anulación papal do matrimonio. · Marzo: Inocencio IV (Bula <i>Inter alia desiderabilia</i>) prepara a deposición do rei. Interdito eclesiástico de todo o territorio. · Xullo: Concilio de Lion: deposición do rei. · Agosto: triunfo das tropas fieis a Sancho II na Lide de Gaia. · Setembro: Xuramento de París. Afonso asume protexer os intereses da Igrexa. · Indulxencias para os soldados que apoien o Boloñés. · Os concellos do centro e sur, e os castelos de Monsanto, Marialva, Santarém, Alenquer, Lanhoso, Torres Novas, A Guarda, Leiría e Alcobaça apóiano. Sancho faise forte en Coímbra e no norte. · Finais de ano: comeza a guerra civil. O Boloñés chega a Lisboa. 	<ul style="list-style-type: none"> · O infante Afonso de Castela, apoiado desde o mar por unha frota, asedia e reconquista a cidade de Cartaxena, que non aceptara o Tratado de Alcaraz. · Decembro: O futuro Afonso X entra en Portugal para apoiar Sancho II. 	<ul style="list-style-type: none"> · Concilio de Lion. Coa Bula <i>Grandi non immerito</i>, Inocencio IV depón Sancho II de Portugal e, unha semana antes, o rei deposto foi Federico II, emperador do Sacro Imperio.

1246	<ul style="list-style-type: none"> · Rapto (ou fuxida?) de Dona Mencía López de Haro en Coímbra, por Raimundo Viegas de Portocarreiro. Lévana ao Castelo de Ourém. 	<ul style="list-style-type: none"> · Fernando III conquista Arxona e Xaén. · Granada, reino vasalo de Castela. · O futuro Afonso X casa en Valladolid con Dona Violante de Aragón e Hungría, Filla de Xaime I. · Morre no mosteiro de las Huelgas (Burgos), Dona Berenguela, nai de Fernando III. 	<ul style="list-style-type: none"> · Tras a toma de Xaén por parte de Fernando III, Muhamed I asina un tratado de paz, tributo e vasalaxe.
ANO	Portugal	Galiza e León Castela	Resto de Europa
1247	<ul style="list-style-type: none"> · Sancho II exíliase en Toledo. 	<ul style="list-style-type: none"> · Paio Peres Correia, prior da Orde de Santiago, acompaña o infante Afonso de Molina na conquista de Alxarafe e nas campañas contra o rei de Niebla. 	<ul style="list-style-type: none"> · Xaime I compila os Foros de Aragón. · En Cataluña, marco xurídico propio: <i>Usatges de Barcelona</i>. · Os mudéxares (árabes en terras cristiás) mantéñense no territorio, conservando a súa relixión e vivindo extramuros das cidades.
1248	<ul style="list-style-type: none"> · 4 xaneiro: morre Sancho II en Toledo. · Afonso III, o Boloñés, rei de Portugal. 	<ul style="list-style-type: none"> · Afonso, príncipe de Castela, toma Alacante. · Fernando III entra en Sevilla co apoio de Paio Peres Correia e a axuda do reino nazarí de Muhamed I. Na expedición participa Rodrigo Gómez de Traba. 	<ul style="list-style-type: none"> · Xaime I garante foros antiseñoriais aos mallorquinos e, despois, a Valencia. · Inicio da VII Cruzada, conducida por Luís IX de Francia e co apoio do papa Inocencio IV.
1249-50	<ul style="list-style-type: none"> · 1249: Conquista de Faro e do resto do Algarve. · 1250: Comeza a repoboación do Algarve. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1249: Na Galiza, o rei Fernando apoia o bispo de Tui na anulación dos dereitos de franquicia de que gozaban os habitantes da cidade desde 1177. · 1250: Carta Foral de Ferrol. Mediado o século, instálanse en Santiago as ordes mendicantes, vistas con desconfianza polo poder do Arcebispado. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1249: Xaime I crea o Consello de Cento da cidade de Barcelona. · 1249: Estabélcese a primeira Inquisición en Aragón. · 1250: Morre Federico II, emperador do Sacro Imperio.
1251-53	<ul style="list-style-type: none"> · 1251: Penas severas aos salteadores dos camiños para protexer os comerciantes. · 1252: Afonso III reclámalle o Algarve a Afonso de Castela. · 1253: O Boloñés casa con Beatriz, filla de Afonso X. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1251: Comezo das 'Táboas afonsís' (astronómicas) de Afonso X. · 1252: Morre Fernando III en Sevilla. Afonso X, coroado rei. · 1252: Crise económica: Desvalorización da moeda e fixación de prezos para moitos artigos. Limitación de gastos suntuarios. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1251: Fracasa a VII Cruzada ao tentar conquistar Exipto. · 1253: Morre Teobaldo I, rei de Navarra. Sucédeo o fillo, Teobaldo II.
1254-55	<ul style="list-style-type: none"> · 1254: O rei convoca Cortes en Leiría. · 1254: Matilde de Boloña desembarca en Cascais e acusa Afonso III de bigamia. · 1255: Afonso III pasa a capital de Coímbra a Lisboa. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1254: Aspirantes ao Sacro Imperio: Afonso X (apoiado polos xibelinos italianos), Carlos de Anjou (pola coroa siciliana) e Ricardo de Cornualles (polo papa). · 1254: Diego López de Haro, irmán de Mencía, levántase en armas contra Afonso X, apoiando as aspiracións do infante Enrique. · 1255: O rei esmaga a revolta (Batalla de Lebrixa) 	<ul style="list-style-type: none"> · 1254: Morre Conrado IV, rei do Sacro Imperio. · 1254: Alexandre IV, nomeado papa.
1257-58	<ul style="list-style-type: none"> · 1257: Bula papal acusando Afonso III de adulterio e incesto e ordenando a restitución do dote de Matilde de Boloña. · 1258: Morte da condessa de Boloña. · Afonso III concede carta de privilexio a varias feiras, estimulando o comercio. · 1258: Joám de Guilhade, a carón de Gonçalo García de Sousa nas <i>inquiriçoes</i> rexias. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1256: Unha delegación encabezada por Bandino Lancia, síndico de Pisa, proponlle a Afonso X que se postule como aspirante ao trono do Sacro Imperio. Gastos diplomáticos elevados e acordos con Borgoña, Lorena, Flandres, Noruega..., todo para lograr a ansiada coroa (<i>Fecho del Imperio</i>). Crise económica e descontento social. · 1257: Primeiro manuscrito das <i>Cantigas de Santa María</i>. 	
1261-65		<ul style="list-style-type: none"> · 1261: Morre Rodrigo Gómez de Traba, príncipe da Galiza. · 1261: Afonso X intervéñ no conflito entre o arcebispo de Santiago e o Concello polas obrigas dos vasalos que van vivir á cidade. Do mesmo xeito que no reinado de seu pai, participa tamén no preito polo nomeamento dos xustizas. · 1262: Conquista do reino de Niebla. · 1265: Conquista de Cádiz. 	<ul style="list-style-type: none"> · 1264 Revoltas mudéxares polas condicións socioeconómicas en Murcia e Valencia. Represión e fuxida ao reino de Granada. · 1265: Cortes de Exea (Aragón): a figura do <i>Justicia</i> para dirimir nos conflitos entre a nobreza e o rei. · 1265: Clemente IV, novo papa.

1266-68	· 1267: Afonso III, rei tamén do Algarve (Tratado de Badaxoz).	· 1268: Cortes de Xerez: contención de prezos e restricións ao consumo. Unificación de pesos e medidas.	· 1266: Tras as revoltas, Xaime I ocupa Murcia.
1270-73	· Estabilidade do reino. Cúñase nova moeda. · 1270: Testamento dun tal <i>Lourenço Martins</i> , casado cunha tal <i>Sancha Peres de Guilhade</i> , documento confirmado por Joam Garcia de Guilhade	· 1271-73: Rebelión liderada polo infante Fernando, irmán de Afonso X, e Nuño González de Lara, aproveitando o descontento da nobreza polas medidas económicas adoptadas, estendida despois a máis estamentos e representantes de cidades.	· 1273: Rodolfo I de Augsburgo, rei do Sacro Imperio Romano.